



II TROFEO LUGO R.C. By Ramos Lourés

VENRES, 28 de Decembro de 2018

O Lugo Running Club By Ramos Lourés organiza o II Trofeo Lugo R.C By Ramos Lourés, o vindeiro **VENRES 28 de decembro de 2018**, en xornada de tarde, *no Módulo cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*, coa colaboración da Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub14 ata veteranás**.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 5€ coa recollida do dorsal.
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

Art.2. A inscrición terá un custo de 1€, que deberá ser aboado a través da páxina de carreiras galegas. Neste enlace única e exclusivamente se fai a compra do dorsal.

As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 22:00 horas do luns anterior á celebración das probas. Unha vez rematado o prazo de inscrición, todas as inscricións feitas a través do enlace da RFEA que non houbesen aboado o importe do dorsal serán anuladas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo nin o mesmo día da proba.

Art. 3. A proba terá carácter solidario, colaborando co importe recaudado das inscricións coa Fundación Juan Soñador.

Art. 4. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 6. O acceso ao módulo será **restrinxido**, Os adestradores que desexen acceder, deberán enviar un email a delegaciongalugo@gmail.com ata o domingo 23 para recibir a acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 7. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.



Art. 8. FINALES 60 m.l. Clasificaránse para a final as 12 mellores marcas das series previas na proba absoluta.

Art. 9. PARTICIPACIÓN: A selección de participantes farase segundo as marcas de inscrición.

-Lonxitude (sub 14):	Máximo 20 atletas. Táboas a 2 e 3m.
-Triple salto mixto (sub 16-vet):	Máximo 20 atletas. Táboas a 7, 9 e 11m.
-Altura masc. (sub 16-vet):	Máximo 15 atletas.
-Peso mixto (sub 16-vet):	Máximo 20 atletas.
-Salto pértiga mixto (sub 16-vet):	Máximo 18 atletas.

Art. 10. MELLORA:

Nos concursos pasarán a mellora as 8 mellores marcas independentemente da categoría, agás na proba de salto de lonxitude sub 14 na que todos os atletas disporán de 4 intentos. Na proba de triple salto mixto pasarán a mellora as 4 mellores marcas de cada sexo.

Art. 11. CADENCIAS:

-Salto de altura masculino:	1.40-50-55.....80-83.....
-Salto con pértiga mixto:	2.00-2.20-2.40...3.80-3.90.....

Art. 13.

HORARIO

HOMES	HORA	MULLERES
60 mv (sub 14)	16:30	SALTO LONXITUDE (sub 14)
LANZAMIENTO DE PESO (sub 16-vet)	16:40	LANZAMIENTO DE PESO (sub 16-vet)
		60 mv (sub 14)
SALTO CON PÉRTEGA (sub 16-vet)	16:55	60 mv (0.76) - (sub 16-sub 18)
	17:00	SALTO CON PÉRTEGA (sub 16-vet)
60 mv (0.91) - (sub 16)	17:10	60 mv (0.84)
	17:20	
SALTO LONXITUDE (sub 14)	17:30	
60 mv (0.91) - (sub 18)		
60 mv (1.00-1.067) - (sub 20-sen)	17:40	
60 ml (sub 14)	17:45	60 ml (sub 14)
	18:00	
SALTO DE ALTURA (sub 16-vet)	18:20	SEMIFINAIS 60 ml (sub 16-vet)
	18:30	
SEMIFINAIS 60 ml (sub 16-vet)	18:40	
TRIPLE SALTO (sub 16-vet)	18:45	TRIPLE SALTO (sub 16-vet)
**CEREMONIA PREMIACIÓN sub14	19:10	**CEREMONIA PREMIACIÓN sub14
FINAL B-A 60ml (sub 16-vet)	19:40	FINAL B-A 60ml (sub 16-vet)
	19:50	
CEREMONIA PREMIACIÓN	20:10	CEREMONIA PREMIACIÓN



Art. 12. PREMIACIÓN:

Trofeo conmemorativo patrocinado por Caixabank, empresa colaboradora do evento para o vencedor de cada proba da categoría sub 14 e para as 3 mellores marcas absolutas por táboa IAAF de cada sexo.

Lote de produtos para as 3 mellores marcas absolutas por táboa IAAF de cada sexo.
Será obrigatorio acudir a cerimonia de premiación para levar o trofeo e o agasallo.

Art. 14. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 01 de decembro de 2018

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

ORGANIZA:



COLABORAN:

